

MEMORIA ANUAL DA PREVENCIÓN E TRATAMENTO DE EMERXENCIAS

COMISIÓN DE AUTOPROTECCIÓN

A comisión de autoprotección reúne 4 veces durante o curso 2022/23 como se recolle nas actas correspondentes:

1ª reunión: Presentación da comisión (Informe do simulacro do ano anterior)

Nomeamento e constitución da comisión, revisión do procedemento de prevención e tratamento de emerxencias, aprobación do calendario de actuacións, e relación de responsables.

Ademais se fara unha revisión do plan de evacuación para incluír as actividades extraescolares dentro do plan, pois non estaban recollidas no mesmo con anterioridade.

2ª reunión: Cambios nos representantes revisión e aprobación do Plan de Autoprotección revisión dos responsables aprobación da renovación do Plan de formación do ano anterior.e fixar a data do simulacro antes do 1 de xullo de 2024

3ª reunión: Seguemento do Plan de formación. -

- O equipo directivo decide non realizar o simulacro de evacuación debido ao excesivo traballo xenerado polos actos do 50 aniversario e decídese continuar cos responsables por plantas tal e como estaba no procedemento.

- Se recorda as normas de evacuación aos membros do Consello Escolar

4ª reunión:

- Lectura da memoria anual da prevención e tratamento de emerxencias.

- Decidir os responsables de planta para o curso 2023/24.

PLAN DE FORMACIÓN

Os obxectivos do Plan de formación foron os seguintes:

- Lograr que o alumnado e o profesorado adquira os coñecementos, hábitos e destrezas relacionados coa autoprotección.
- Conseguir que o alumnado e profesorado coñeza e se familiarice co plan de emerxencia e evacuación do centro.

Dentro da **Formación do profesorado** impartíronse as charlas informativas nas reunións de CCP e en algún dos claustros dándolles información sobre os documentos que lles competen no procedemento de prevención e tratamento de emerxencias e no Plan de autoprotección escolar.

Dentro da **Formación do alumnado** realizáronse durante as titorías charlas informativas sobre o Plan de autoprotección escolar e as consignas a seguir durante unha evacuación e tamén as clases teórico-prácticas na asignatura de Educación Física sobre primeiros auxilios (primaria e secundaria)

As charlas informativas do grupo de Protección Civil do Concello de Valdoviño para os rapaces do centro non se realizou este curso por problemas de axenda e traballo engadido para as direccións dos centros (enquisas sobre o galego, gratuidade de libros de texto...), e por realización de actividades extraescolares a final de curso.

INFORMACIÓN NA PÁXINA WEB

Toda a información do procedemento de Prevención e Tratamento de emerxencias atópase na nosa páxina web no apartado de AUTOPROTECCIÓN.

<http://www.edu.xunta.es/centros/cpiatios/?q=taxonomy/term/273>

Valdoviño a 30 de xuño de 2023

O director



Asdo: Antonio Cebreiro Melero